



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Descrición Decreto: APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PROGRAMA INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ARZÚA (4 PEÓNS)

DON XOÁN XESÚS CARRIL RAMOS, ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Visto que a Xunta de Goberno Local de data 04/04/2025, aprobou as Bases de selección para a contratación de persoal laboral temporal programa de integración laboral da deputación provincial de A Coruña para a execución de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Arzúa (4 peóns e 1 auxiliar de biblioteca). Exptes TEDEC num. 2025/X006/000117 e 2025/X006/000116

Vista publicación de ditas bases de selección realizada en data 9 de abril de 2025 no BOP da Coruña no 68 e publicado o mesmo día no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

Visto que o prazo de presentación de instancias é de 5 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial de Provincia.

Vistas as solicitudes presentadas, obsérvase que tódolos aspirantes salvo erro ou omisión involuntaria achegan a documentación esixidas nas bases para cumprir os requisitos de participación para a contratación de persoal laboral temporal no programa de integración laboral da Deputación provincial de A Coruña para a execución de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Arzúa de 4 peóns,

En uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21.1.h) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar, de acordo co punto noveno das bases de selección para a contratación de persoal laboral temporal programa de integración laboral da Deputación da Coruña para a execución de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Arzúa (4 peóns), a seguinte lista definitiva de admitidos ao proceso de selección:

N.º	Nome e apelidos	DNI	Celga
1	MARC DIEZ DE ARTACOS RODRIGUEZ	***4791**	SI
2	ROBERTO BALADO SANGIAO	***6013**	SI
3	JOSE LOPEZ NIETO	***5959**	NON
4	JOSE LUIS RIVADULLA VALIÑO	***8614**	NON
5	JOSE MARIA VAAMONDE TATO	***7589**	SI
6	MIGUEL ANGEL MEIJIDE CESAR	***6755**	SI
7	VANESA VAZQUEZ VILA	***7806**	SI

SEGUNDO: Nomear os seguintes membros do Tribunal cualificador que levará a cabo o proceso selectivo, conforme a base oitava das que reñen este proceso:

Presidente : Luis Fole Barrio (arquitecto técnico municipal).

Vogais:

D. Jesús Rúa Taboada (conductor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa).

D. Ramón Vereá Castelo (encargado dos servizos de mantemento do Concello de Arzúa).

D.Alberto Cao Gigerín (Conserxe colexio, operario servizos varios)

Secretaria: Irene Couselo del Río (auxiliar administrativo do Concello de Arzúa).

Os membros do Tribunal percibirán as retribucións de asistencias conforme o RD462/2002.

TERCEIRO.- Convocar os membros do Tribunal avaliador, para que concorran á Casa do Concello o **día 12 de maio ás 09::00 h**, co obxecto de proceder á súa constitución e realización da entrevista de Galego para aqueles participantes que non o acreditaron, e quedan convocados para dita hora na Casa do Concello de Arzúa última planta :

N.º	Nome e apelidos	DNI
1	JOSÉ LÓPEZ NIETO	***5959**
2	JOSE LUIS RIVADULLA VALIÑO	***8614**

Valorada a proba de galego, o Tribunal procederá seguidamente á valoración dos méritos daqueles participantes que superen a proba de galego e do resto de participantes que acreditaron o seu coñecemento na solicitude de participación.

CUARTO.- Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello este decreto.

En Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Dou fe, o Secretario

Asdo.- XOÁN XESÚS CARRIL RAMOS

Asdo.-ALFONSO MANUEL PÉREZ ALCALÁ